

Como todas as nenas e os nenos,
ti tes un corpo.

O teu corpo é teu, e ninguén debe
tocalo se ti non queres.



© do texto e as ilustracións: Lucía Serrano, 2021
© da edición: NubeOcho, 2026
© da tradución: Maruxa Zaera, 2022
www.nubeocho.com • info@nubeocho.com

Título orixinal: *Tu cuerpo es tuyo*
Revisión: Iria Carballo

Primeira edición: Abril, 2026
ISBN: 979-13-88132-21-6
Depósito Legal: M-460-2026

Impreso en PrintCenter, Turquía.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.

ISBN: 979-13-88132-21-6 www.nubeocho.com



9 791388 132216

O teu corpo é teu

Lucía Serrano



O teu corpo é teu

Lucía Serrano



nubeOcho



Cada persoa
ten un corpo.

Só un.

E con el pódense
facer moitísimas cousas.





O teu corpo é teu.

De ningún máis.



O teu corpo ten moitas partes:



Cada unha serve para unha ou para varias cousas.

E todas xuntas forman unha máquina marabillosa: ti.



O teu corpo é teu e ti decides.

Ti decides se queres
unha aperta.




Ti decides se queres
que che dean
un bico.

A palabra "NON" é moi importante. Podes dicila cando ti queiras.
Queres probar agora? A ver o forte que soa?
Cando alguén che di que non lle fagas unha cousa, teslle que facer caso.
Igual que cando o dis ti.



Nin un adulto nin outro neno
deben darche bicos nin abrazarte
se ti non queres que o fagan.

NON



Se lles dis que non queres,
teñen que facerche caso.



As veces apetécenos que
nos leven no colo, e outras, non.

Non pasa nada!

Si



En cambio, se hai algún perigo, poden
agarrarte sen preguntar primeiro.

Por exemplo: se vas atravesar
unha rúa e vén un coche, non che
preguntan antes de deterte.

Iso está ben, porque
te están protexendo!